

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO, A CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE E O CONSELLO DA AVOGACÍA GALEGA, PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACCIÓNS DE FORMACIÓN ESPECIALIZADA A PROFESIONAIS DA AVOGACÍA SOBRE ATENCIÓN A MULLERES E MENORES QUE SOFREN VIOLENCIA DE XÉNERO NO MARCO DO PACTO DE ESTADO CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO.**

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

#### REUNIDOS

D. **Alfonso Rueda Valenzuela**, vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo, en virtude do Decreto 112/2020, do 6 de setembro, polo que se nomean aos titulares das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia.

Dña. **María Jesús Lorenzana Somoza**, Conselleira de Emprego e Igualdade, en virtude do Decreto 112/2020, do 6 de setembro, polo que se nomean os titulares das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia, e no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.

Dña. **Pilar López-Guerrero Vázquez**, presidenta do Consello da Avogacía Galega, actuando no seu nome e representación, de acordo co artigo 10, en relación co artigo 2º.2.1, dos estatutos do Consello da Avogacía Galega, aprobados polo Decreto 130/1993, do 3 de xuño.

#### EXPOÑEN

##### PRIMEIRO.

Que a Comunidade Autónoma de Galicia ostenta competencias exclusivas en materia de asistencia social, de conformidade co disposto no artigo 27.23 do Estatuto de Autonomía de Galicia, Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril), e nos Reais Decretos de Transferencia 2411/1982, do 24 de xullo e 534/1984, do 25 de xaneiro.



#### SEGUNDO.

Que a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo é o órgano da Administración autonómica que ten atribuído, a través do Decreto 214/2020, do 3 de decembro, polo que se establece a súa estrutura orgánica, o exercicio das competencias en materia de xustiza, recollidas no artigo 20 do Estatuto de autonomía de Galicia, aprobado pola Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril.

#### TERCEIRO.

Que a Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral da Igualdade da Consellería de Emprego e Igualdade, ten entre as súas competencias impulsar as actuacións conducentes á promoción da igualdade e á eliminación da discriminación entre mulleres e homes, así como á eliminación da violencia de xénero

#### CUARTO.

Que a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, modificada pola Lei 12/2016, do 22 de xullo, dispón a adopción en Galicia de medidas integrais para a sensibilización, a prevención e o tratamento da violencia de xénero, así como a protección e o apoio ás mulleres que a sofren.

No artigo 15 da dita Lei recóllese a necesidade de que a Xunta de Galicia garanta e promova a formación en igualdade de todas e todos os profesionais que traballan en ámbitos relacionados directa ou indirectamente coa violencia de xénero, e en especial das e dos profesionais da sanidade, dos servizos sociais, dos educativos, das Forzas e Corpos de Seguridade e das operadoras e dos operadores xurídicos.

#### QUINTO.

Que o 15 de novembro de 2016, o Pleno do Congreso dos Deputados aprobou, por unanimidade, unha Proposición non de lei pola que se instaba ao Goberno a promover a subscripción dun Pacto de Estado en materia de Violencia de Xénero, polo Goberno da Nación, as Comunidades Autónomas e Cidades con Estatuto de Autonomía e a Federación Española de Municipios e Provincias, que siga impulsando políticas para a erradicación da violencia sobre a muller como unha verdadeira política de Estado. A Proposición non de lei establecía a creación, no seo da Comisión de Igualdade do Congreso, dunha Subcomisión que tiña como obxectivo elaborar un informe no que se identificaran e analizaran os problemas que impiden avanzar na erradicación



das diferentes formas de violencia de xénero, e no que se incluíran un conxunto de propostas de actuación, entre elas as principais reformas que deben acometerse para dar cumprimento efectivo a ese fin, así como ás recomendacións dos organismos internacionais. O Congreso, na súa sesión plenaria do 28 de setembro de 2017, aprobou o Informe da Subcomisión para un Pacto de Estado en materia de violencia de xénero.

Pola súa parte, a Comisión de Igualdade do Senado decidiu, o 21 de decembro de 2016, a creación dunha Ponencia que estudase e avalíase, en materia de Violencia de xénero, os aspectos de prevención, protección e reparación das vítimas, analizase a estratexia para alcanzar e implementar un Pacto de Estado contra a Violencia de xénero e examinase a Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero.

O 13 de setembro de 2017, o Pleno do Senado aprobou, por unanimidade, o Informe da Ponencia de Estudo para a elaboración de estratexias contra a violencia de xénero.

Ambos informes conteñen un conxunto de propostas para previr e combater a violencia contra a muller e para mellorar na resposta que, desde as Institucións, se proporciona ás mulleres vítimas e ás súas fillas e fillos menores.

#### **SIXTO.**

Que as medidas 115 e 231 dos Informes da Subcomisión para un Pacto de Estado en materia de violencia de xénero do Congreso e Senado respectivamente, establecen o reforzo da asistencia xurídica ás mulleres vítimas antes e durante todo o procedemento xudicial e incluso despois deste, durante a fase de execución de condena, incorporando un maior número de letrados e letradas ás quendas de oficio especializadas e mellorando a formación especializada dos mesmos.

#### **SÉTIMO.**

Que a Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo e a Consellería de Emprego e Igualdade asinaron o 19 de maio de 2021 un acordo de colaboración para desenvolver medidas previstas no Pacto de Estado contra a violencia de xénero que se refiran a reforzar a asistencia xurídica ás mulleres vítimas de xénero, incluíndo ás vítimas de violencia sexual no acceso á asistencia xurídica gratuíta, antes e durante o procedemento xudicial, así como a ampliar a formación especializada de avogados/as e procuradores/as.

#### **OITAVO.**



O Consello da Avogacía Galega é unha corporación de dereito público integrada polos colexios de avogados da Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago de Compostela, Ferrol e Vigo (Decreto 30/1993, do 3 de xuño, polo que se crea o Consello da Avogacía Galega e se aproban os seus estatutos), e ten as mesmas competencias que o Consello Xeral da Avogacía Española no ámbito territorial de Galicia. O Consello exerce as funcións tradicionais de natureza administrativa, como a tramitación e resolución de recursos en materia deontolóxica e as relacións con outras institucións e administracións, e dedica importantes esforzos no ámbito da formación dos avogados e avogadas de Galicia, mediante o establecemento de programas en diversas materias do exercicio profesional coma mediación, dereito de estranxeiría, procedemento penal do menor, e deontoloxía profesional e violencia sobre a muller.

#### **NOVENO.**

Que a concesión directa da subvención a través deste convenio se efectuará ao abeiro dos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na que se prevé a posibilidade de excepcionalar do réxime ordinario de concorrència competitiva en base ao carácter singular das subvencións e razóns de interese público, cal é o caso no que o interese prioritario é poder ofertar a profesionais do ámbito xurídico unha formación especializada dirixida á prevención e á detección de casos de violencia de xénero

A Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo e a Consellería de Emprego e Igualdade estiman de interese público establecer una liña de traballo conxunto, e propónse a colaboración co Consello da Avogacía Galega para canalizar o dito interese.

Por todo o indicado, as dúas partes acordan formalizar o presente Convenio de Colaboración, que se rexerá conforme ao disposto nas seguintes:

### **CLÁUSULAS**

#### **PRIMEIRA.- Obxecto e finalidade.**

O obxecto deste Convenio é establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, a Consellería de Emprego e Igualdade e o Consello da Avogacía Galega para a posta en marcha, desenvolvemento



e financiamento de accións de formación especializada dirixidas a profesionais da avogacía, sobre atención a mulleres e menores que sofren violencia de xénero no marco do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero.

Dentro da formación que se imparta introducíranse módulos específicos sobre menores e violencia de xénero, mulleres estranxeiras, aspectos psicolóxicos e sociais (recursos e programas en Galicia), en relación coa violencia de xénero.

O carácter singular do presente Convenio, ven determinado por razóns de interese público, e cómpre sinalar que na nosa Comunidade Autónoma, moitas mulleres son vítimas directas da violencia de xénero, nalgúns casos con resultado de morte, o que fai evidente o interese social e humanitario de calquera acción que se dirixa a previr e detectar estes casos e a apoiar ás súas vítimas, neste caso a través de accións de formación especializada a profesionais do ámbito xurídico, e leva á Xunta de Galicia a establecer a presente colaboración.

## **SEGUNDA.- Capacidade**

Previamente á formalización do presente convenio, o Consello da Avogacía Galega presentou ante a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo a declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para a obtención de subvencións contempladas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, xeral de subvencións e que poidan impedir a subscripción do presente convenio.

## **TERCEIRA.- Obrigas do beneficiario**

**O Consello da Avogacía Galega** comprométese a:

1. Realizar as actividades previstas no proxecto que se recolle neste convenio. A dotación de persoal dedicada a estes fins estará sometida ás directrices e ordes do Consello da Avogacía Galega, e o dito persoal non terá relación laboral coa Administración Autonómica de Galicia, de tal xeito que, por este concepto non se lle poderá esixir a esta administración ningunha responsabilidade directa nin subsidiaria.
2. Xustificar o cumprimento dos requisitos e das condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade do presente convenio.
3. Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.



4. Achegar á Administración autonómica, cando lle sexa solicitada, información sobre as actividades realizadas.
5. Consentir expresamente a inclusión dos datos relevantes deste convenio nos rexistros públicos que proceda, de conformidade coa disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, e mais co artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
6. Dar axeitada publicidade ao carácter público do financiamento das actuacións obxecto do presente convenio, cumprir todas as condicións e obrigas recollidas nel e someterse ás actuacións de supervisión e control previstas no mesmo, así como observar as demais obrigas esixidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

#### **CUARTA.-Compromisos das partes.**

##### **Compromisos da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo**

A Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, colaborará na realización das actuacións a que se refire a cláusula primeira deste convenio achegando a cantidade máxima de CORENTA MIL EUROS (40.000,00 €), con cargo á aplicación orzamentaria 05.22.131A.481.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2021, como contribución aos gastos soportados polo Consello Galego da Avogacía pola realización das accións de formación especializada dirixidas a profesionais da avogacía, sobre atención a mulleres e menores que sofren violencia de xénero.

##### **Compromisos da Consellería de Emprego e Igualdade:**

A Consellería de Emprego e Igualdade, a través da Secretaría xeral da Igualdade, comprométese a facilitar material informativo e de sensibilización a prol da detección e eliminación da violencia de xénero ao Consello da Avogacía Galega para a súa distribución nas accións formativas, así como a poñer a disposición do Consello materiais formativos sobre violencia de xénero, de xeito que permita ás e a aos profesionais ampliar os seus coñecementos ao respecto. Así mesmo, porá á súa disposición persoal técnico especializado para a coordinación conxunta de actuacións.

##### **Compromisos do Consello Galego da Avogacía:**

O Consello da Avogacía Galega comprométese a poñer en marcha e desenvolver accións de formación específica sobre atención a mulleres e menores que sofren violencia de xénero a través de cursos, seminarios, xornadas, conferencias, coloquios, etc.



#### QUINTA.- Orzamento

O investimento para o desenvolvemento do presente convenio é de 40.000,00 € para o ano 2021. Para o financiamento das actividades descritas no convenio, a Secretaría Xeral da Igualdade transferiu 40.000,00 € dende as aplicacións orzamentarias 11.02.313D.460.1, 11.02.313D.444.0, 11.02.313D.480.2 e 11.02.313D.227.99 para dotar a aplicación orzamentaria 05.22.131A.481.0 (código de proxecto 2018 00112) do orzamento de gastos da Dirección Xeral de Xustiza. A Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo achegará ao Consello da Avogacía Galega a cantidade máxima de 40.000,00 € (CORENTA MIL EUROS), librando esta cantidade con cargo á aplicación orzamentaria 05.22.131A.481.0 (código de proxecto 2018 00112), dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma galega para o ano 2021, derivados da posta en marcha e funcionamento das accións formativas previstas neste convenio.

#### SEXTA. Compatibilidade con outras axudas

De acordo co disposto no artigo 40.1.d), do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a achega económica prevista no presente convenio será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

Con anterioridade á xustificación da execución da actividade O Consello da Avogacía Galega presentará unha declaración do conxunto de axudas solicitadas –tanto das aprobadas ou concedidas coma das pendentes de resolución– para un mesmo proxecto das distintas administracións públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes.

Procederá o reintegro parcial ou total dos fondos percibidos no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión nos termos previstos no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Así mesmo, ao abeiro do disposto no artigo 14.1.n) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os criterios de gradación dos posibles incumprimentos para determinar a cantidade a minorar serán os seguintes:

- a) O incumprimento total dos fins para os que se concedeu a axuda, da realización dos gastos subvencionables ou da obriga de xustificación dará lugar á perda do dereito ao cobro ou, de ser o caso, ao reintegro da totalidade da axuda concedida.



b) Calquera outro incumprimento parcial dos fins para os que se concedeu a axuda, da realización parcial do investimento subvencionable ou da obriga de xustificación considerárase incumprimento parcial e dará lugar á perda do dereito ao cobro ou, de ser o caso, á perda do dereito ao cobro na porcentaxe correspondente ao investimento non efectuado ou non xustificadado.

c) A realización de modificacións non autorizadas no orzamento subvencionable suporá a perda do dereito ao cobro.

No caso de que se produza un exceso das subvencións percibidas de distintas administracións públicas, O Consello da Avogacía Galega deberá reintegrar o exceso e mais os xuros de mora, nos termos que establece o artigo 23 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

#### **SÉTIMA.-Vixencia.**

O presente Convenio producirá efectos a partir da súa sinatura e ata o 31 de decembro de 2021.

#### **OITAVA.- Xustificación e pagamento.**

A Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo fará o pagamento ao Consello da Avogacía Galega unha vez que presenten a seguinte documentación xustificativa:

- Memoria de actuación, subscrita polo órgano competente da entidade, xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas, número de persoas usuarias ata a data, e dos resultados obtidos.
- Certificación da Intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e mais do cumprimento da finalidade para a que foi concedida a subvención, de acordo co establecido no artigo 28.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Declaración do conxunto de axudas solicitadas –tanto das aprobadas ou concedidas coma das pendentes de resolución– para o mesmo proxecto ás administracións públicas competentes ou ás súas entidades vinculadas ou dependentes, así como aos entes privados.
- Declaración responsable de se achar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, así como de non ter ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.



- Calquera outra documentación ou material que o Consello da Avogacía Galega considere necesario presentar para unha mellor xustificación das actuacións obxecto do presente convenio.

A xustificación comprenderá os gastos de accións realizadas e pagadas entre o 1 de xaneiro de 2021 e o 30 de novembro de 2021, e deberá presentarse na Dirección Xeral de Xustiza con data límite o 10 de decembro de 2021. Non obstante, de acordo co establecido no artigo 62 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, poderán realizarse pagamentos á conta por un importe de ata o 80% da porcentaxe subvencionada, correspondente aos pagamentos xustificadas. Para o seu aboamento será necesario presentar a documentación antedita, agás a memoria de actuación.

En todo caso, a cantidade máxima que se obriga a achegar a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo reducirase na mesma proporción que represente a cantidade xustificada respecto do orzamento total presentado.

#### **NOVENA.-Causas de extinción.**

Será causa de extinción deste Convenio:

- a) O incumprimento inxustificado, total ou parcial, dos compromisos establecidos.
- b) O mutuo acordo, que deberá ser motivado e manifestado por escrito antes da finalización do Convenio
- c) A desaparición das causas que motivaron a sinatura do Convenio

De se resolver o convenio, a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo poderá, se é o caso, esixir o reintegro das cantidades achegadas. Igualmente, de conformidade co disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, procederá o reintegro do exceso percibido no suposto de que o importe da axuda –illada ou en concorrencia con subvencións e axudas, ingresos ou recursos– supere o custo da actividade subvencionada.

#### **DÉCIMA.- Publicidade e confidencialidade**

Este convenio será obxecto de publicación, de acordo co previsto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno da Administración pública galega. Así mesmo, incluírase no Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios, de conformidade co Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei



7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, e mais co artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

En cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, comunicárase a subscrición deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións, que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así como o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal de transparencia e Goberno aberto.

As partes asinantes virán obrigadas en materia de protección de datos a cumprir co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), e coas demais disposicións vixentes sobre a materia.

O Consello da Avogacía Galega en calidade de encargado do tratamento, realizará actividades de tratamento por conta da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo en calidade de responsable do tratamento, respecto aos datos de carácter persoal necesarios para a execución do presente convenio.

Así mesmo adaptarán as súas actuacións ao previsto na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, así como nas demais disposicións vixentes sobre a materia.

O tratamento de datos consistirá nas actividades necesarias para xestionar o presente convenio.

Igualmente comprométense a observar o establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no que se refire ao acceso limitado aos propios interesados en relación cos documentos que conteñan datos referentes á intimidade das persoas.

As partes asinantes do presente Convenio comprométense a destacar nas actividades que se realicen para a difusión das accións previstas no Convenio, a colaboración prestada polas outras partes asinantes.



#### **DÉCIMO PRIMEIRA.- Natureza e interpretación.**

O presente convenio ten natureza administrativa e rexerase polas cláusulas establecidas nel, quedando fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4 de dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se puidesen presentar.

Rexerase, así mesmo, pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e mais polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

As cuestións litixiosas xurdidas da interpretación, desenvolvemento e aplicación do Convenio serán resoltas pola Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, poñendo os seus acordos fin á vía administrativa.

A orde xurisdiccional contencioso-administrativa será a competente para resolver as cuestións litixiosas que se poidan suscitar entre as partes, conforme o establecido nos artigos 1 e 2 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

#### **DÉCIMO SEGUNDA.- Comisión mixta de coordinación e seguimento.**

Segundo o previsto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, créase a comisión de seguimento do convenio, á que lle corresponde velar polo cumprimento do pactado e pola boa marcha do mesmo, sen prexuízo de que no seu seo se poida tratar de calquera outro asunto vinculado co seu obxecto e relacionado coa mediación e a Administración de xustiza.

As controversias sobre a interpretación e execución do presente convenio serán resoltas de mutuo acordo entre as partes no seo da comisión.

Para o seguimento da súa execución ou coñecemento de calquera cuestión sobre a súa interpretación, modificación, resolución ou efectos do mesmo que poidan xurdir, créase unha comisión mixta, que estará integrada por:

- Pola Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo: o Director Xeral de Xustiza, ou persoa en quen delegue.
- Pola Consellería de Emprego e Igualdade: a Secretaria Xeral da Igualdade, ou persoa en quen delegue.



- Polo Consello da Avogacía Galega: o seu Presidente, ou persoa en quen delegue.

### DÉCIMO TERCEIRA. Normativa aplicable

O presente convenio de colaboración rexeráse por:

- A Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, o 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Normativa básica da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da devandita Lei.
- Acordo adoptado polo consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día 27 de marzo de 1991 e feito público mediante Resolución da Consellería de Economía e Facenda de data 8 de abril de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares.
- A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno nos seus artigos 15 e 17.

E, en proba de conformidade cos termos do Convenio, as partes comparecentes asinan e rubrican por triplicado e a un só efecto, no lugar e data arriba indicados.

O VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E CONSELLEIRO DE  
PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO

A CONSELLEIRA DE EMPREGO E IGUALDADE

Alfonso Rueda Valezuela

María Jesús Lorenzana Somoza

A PRESIDENTE DO CONSELLO DA AVOGACÍA GALEGA

Pilar López-Guerrero Vázquez

